

## ECONOMÍA. OS SECTORES DE ACTIVIDADE

### ACTIVIDADE1. Panorámica da economía galega: o sector primario

#### Obxectivos:

- ◆ Analizar a importancia económica dos sectores agrario e pesqueiro en Galicia.
- ◆ Coñecer o crecemento económico destes sectores.
- ◆ Estudar a evolución da ocupación no sector primario.
- ◆ Distribuír os traballadores da agricultura e pesca por concellos.
- ◆ Coñecer a distribución das terras en Galicia.
- ◆ Analizar a evolución da producción de pesca fresca e da acuicultura mariña.

#### Coñecementos previos necesarios:

- ◆ Saber calcular porcentaxes e taxas de variación relativas.
- ◆ Saber elaborar e interpretar gráficas.
- ◆ Saber elaborar e interpretar mapas.

#### Cuestións a resolver:

- 1) ¿Cal é o valor engadido bruto dos sectores agrario e pesqueiro? .....
- 2) ¿Que porcentaxe representa sobre o PIB de Galicia?.....(%)
- 3) ¿Canto medrou/baixou o valor engadido bruto deste sector no último ano?  
En termos correntes.....(%)  
En índices de volume.....(%)
- 4) ¿Que porcentaxe de ocupados traballaba no sector primario no ano 1980?.....(%)  
¿E na actualidade?.....(%)
- 5) Elabora unha gráfica de liñas coa evolución do número de ocupados na agricultura e pesca.

- 6) No teu concello ¿que porcentaxe afiliados traballa no sector primario?.....(%)
- 7) ¿Que superficie de Galicia se dedica a cultivo?.....(%)
- 8) Calcula o que se incrementou / diminuí o valor e a cantidade de pesca fresca vendida nas lonxas galegas no último ano:
- Cantidadade.....(%)
- Valor.....(%)
- 9) Calcula a variación da produción de acuicultura mariña no último ano en Galicia:
- Cantidadade.....(%)
- Valor.....(%)